III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

ORDE do 22 de outubro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade para o alumnado de ciclos formativos de grao básico e grao medio de centros educativos públicos que forman parte do consorcio de mobilidade do proxecto Erasmus+ 2025-1-ES01-KA121-VET-000332915 no curso 2026/27 (código de procedemento ED322B).

O Regulamento (UE) nº 2021/817 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2021, establece Erasmus+, o Programa da Unión Europea para a educación, a formación, a xuventude e o deporte para o período 2021-2027.

A educación, a formación, a mocidade e o deporte son ámbitos clave que contribúen ao desenvolvemento persoal e profesional da cidadanía. En última instancia, unha educación e formación de gran calidade e inclusivas, así como a aprendizaxe informal e non formal, equipan a mocidade e as persoas participantes de todas as idades coas cualificacións e capacidades necesarias para unha participación significativa nunha sociedade democrática, o entendemento intercultural e para xestionar con éxito as transicións no mercado laboral.

O programa Erasmus+ é unha compoñente clave para apoiar os obxectivos do Espazo Europeo de Educación, o Plan de acción de educación dixital 2021-2027, a Estratexia da Unión Europea para a mocidade e o Plan de traballo da Unión Europea para o deporte (2021-24). Así mesmo, o desenvolvemento de capacidades dixitais e de competencias e capacidades en campos orientados ao futuro, como a loita contra o cambio climático, a enerxía limpa, a intelixencia artificial, a robótica, a análise de macrodatos, etc., resulta fundamental para o futuro crecemento sustentable e a cohesión de Europa. O programa Erasmus+ pode facer unha contribución significativa a estes obxectivos ao promover a innovación e reducir a fenda de coñecementos, capacidades e competencias que presenta Europa.

A Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, aborda no seu título IX o coñecemento de linguas estranxeiras e a internacionalización do sistema de formación profesional, reforzando a importancia de promover a participación do profesorado e alumnado en programas internacionais e a integración do sistema educativo de formación profesional en redes internacionais que favorezan o intercambio de experiencias e a transferencia de coñecemento.

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

O Decreto 20/2026, do 9 de marzo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, reforza a internacionalización como un dos eixes estratéxicos da formación profesional. No seu artigo 56 impulsa o desenvolvemento de ensinanzas plurilingües e a participación do alumnado e do profesorado en programas de mobilidade internacional, co obxectivo de mellorar as competencias lingüísticas e profesionais e favorecer a súa proxección no ámbito internacional.

A Estratexia de FP Galicia 2030, aprobada polo Consello da Xunta o 10 de febreiro de 2022, ten como un dos seus eixes principais a internacionalización do sistema educativo de formación profesional, o que pretende acadar a través dunha serie de iniciativas como son:

– Desenvolver estadías formativas profesionais do alumnado e profesorado no exterior, e accións de intercambio de profesorado e alumnado entre centros de FP de Galicia e outros países.

– Impulsar accións de colaboración con organismos da formación profesional noutros países.

– Promover a valorización no exterior das competencias profesionais adquiridas en Galicia.

– Reforzar linguas estranxeiras na formación profesional, para aumentar as posibilidades de mobilidade por motivos de aprendizaxe.

– Promover estadías formativas profesionais do alumnado e profesorado estranxeiro en Galicia.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional resultou beneficiaria do proxecto Erasmus+ 2025-1-ES01-KA121-VET-000332915, correspondente á acción clave 1, Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe, no ámbito da formación profesional, con data de finalización o 31 de agosto de 2026.

Unha vez autorizada polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE), con data do 29 de maio de 2026, a ampliación do prazo de execución deste proxecto de 15 a 24 meses, e tendo en conta a existencia de crédito dispoñible na partida orzamentaria correspondente, esta consellería considera necesario establecer un novo procedemento para a concesión das axudas de mobilidade ao alumnado de formación profesional no marco do proxecto 2025-1-ES01-KA121-VET-000332915 durante o curso 2026/27.

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

De acordo co establecido no número 3 do artigo 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xestión das referidas axudas rexerase polo réxime xurídico establecido pola Unión Europea para o desenvolvemento do programa Erasmus+, xa que é unha subvención concedida pola Unión Europea e financiada totalmente con fondos europeos, sen prexuízo da aplicación de normas de organización e procedementos propios da Administración da Comunidade Autónoma. En calquera caso, esta lei aplicarase con carácter supletorio respecto da normativa reguladora das subvencións financiadas pola Unión Europea.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me foron concedidas,

ACORDO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar en réxime de concorrencia competitiva as axudas económicas para a realización de mobilidades de alumnado de ciclos formativos de grao básico e grao medio de formación profesional dos centros educativos que forman parte do consorcio do proxecto 2025-1-ES01-KA121-VET-000332915 establecidos no anexo I (código de procedemento ED322B).

Artigo 2. *Requisitos das persoas solicitantes*

Poderán concorrer a esta convocatoria as persoas que cumpran algún dos seguintes requisitos:

a) Estar matriculadas durante o curso 2026/27 nun ciclo formativo de grao básico ou grao medio de formación profesional ou nun curso de especialización de formación profesional de grao medio, nalgún dos centros educativos que se relacionan no anexo I, e estar en condicións de realizar un período de formación en empresa antes do comezo da mobilidade.

b) Ter obtido unha titulación de grao básico ou grao medio de formación profesional ou certificado dun curso de especialización de formación profesional de grao medio nalgún dos centros educativos que se relacionan no anexo I durante os 12 meses anteriores á finalización da mobilidade prevista.

Non poderá ter a condición de persoa beneficiaria das axudas previstas nesta orde o alumnado que incorra nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

A persoa solicitante debe cumprir os requisitos para obter a condición de persoa beneficiaria de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma segundo indica o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Artigo 3. *Actividades admisibles*

As actividades susceptibles de ser financiadas mediante esta convocatoria son as seguintes:

a) Mobilidades para a aprendizaxe de curta duración (10 a 89 días), en que as persoas participantes pasarán un período de tempo no estranxeiro realizando prácticas formativas relacionadas coas ensinanzas cursadas.

b) Mobilidades para a aprendizaxe de longa duración (90 a 365 días), en que as persoas participantes pasarán un período de tempo máis extenso no estranxeiro realizando prácticas formativas relacionadas coas ensinanzas cursadas.

Artigo 4. *Organizacións de acollida admisibles*

A organización de acollida debe ser empresa ou outra organización activa no mercado de traballo ou no ámbito da formación profesional.

Artigo 5. *Prazo de execución das mobilidades*

A data de finalización das mobilidades financiadas ao abeiro desta convocatoria non poderá ser posterior á data de finalización ampliada do proxecto 2025-1-ES01-KA121-VET- 000332915, isto é, o 31 de maio de 2027.

Artigo 6. *Orzamento*

O financiamento destas axudas ten carácter plurianual, cun importe total de 642.768,00 €, distribuído en 32.138,00 € para a anualidade 2026 e 610.630,00 € para a anualidade 2027, con cargo á aplicación orzamentaria 07.04.422M.480.5 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta contía poderá incrementarse na medida en que exista crédito adecuado e suficiente, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

Artigo 7. *Contía das axudas*

As contías das axudas calcularanse mediante a suma dos seguintes conceptos:

1. Axuda para a viaxe:

Calcularase tendo en conta a distancia en liña recta entre o lugar da organización de envío e o lugar da organización de acollida segundo as bandas de distancia que se recollen na táboa seguinte:

Banda de distancia	*Distancia	Desprazamento estándar	Desprazamento ecolóxico
1	Entre 10 e 99 km	28 €	56 €
2	Entre 100 e 499 km	211 €	285 €
3	Entre 500 e 1.999 km	309 €	417 €
4	Entre 2.000 e 2.999 km	395 €	535 €
5	Entre 3.000 e 3.999 km	580 €	785 €
6	Entre 4.000 e 7.999 km	1.188 €	1.188 €
7	8.000 km ou máis	1.735 €	1.735 €

Para os efectos desta convocatoria, enténdese por transporte ecolóxico o emprego de medios de transporte sustentables, como o autobús, o tren ou o coche compartido, durante o tramo principal da viaxe, tanto no desprazamento de ida como no de volta.

* Para determinar a banda de distancia correspondente empregarase a calculadora de distancias Erasmus (https://erasmus-plus.ec.europa.eu/resources-and-tools/distance-calculator).

2. Axuda de apoio individual:

Calcularase en función do grupo do país de destino e do número de días que dure a mobilidade segundo os importes que se recollen nas táboas seguintes:

Grupo	Países do programa KA121	Apoio individual por día	
		Día 1 a 14	Día 15 a 365
1	Alemaña, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Baixos e Suecia. Exclusivamente para KA121: terceiros países non asociados ao programa do grupo 1.	70 €	49 €

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

Grupo	Países do programa KA121	Apoio individual por día	
		Día 1 a 14	Día 15 a 365
2	Chequia, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Grecia, Letonia, Malta e Portugal. Exclusivamente para KA121: terceiros países non asociados ao programa do grupo 2.	61 €	43 €
3	Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, Romanía, Serbia e Turquía. Exclusivamente para KA121: terceiros países non asociados ao programa do grupo 3.	51 €	36 €

O número de días da mobilidade para o cómputo será igual ao número de días de actividade na organización de acollida máis os días de viaxe. No caso de viaxe estándar poderase engadir 1 día pola viaxe de ida se esta se produce antes do primeiro día da actividade e 1 día pola a viaxe de volta se esta se produce tras a finalización do período da actividade. No caso de viaxe ecolóxica poderase engadir entre 1 e 2 días pola viaxe de ida e entre 1 e 2 días pola viaxe de volta.

Grupos de países de acollida para terceiros países no asociados ao programa:

Grupo de países 1: Xapón, Israel, Corea do Sur, Xeorxia, Arxentina, Armenia, Angola, Arabia Saudita, Kuwait, Estados Unidos, Reino Unido, Suíza, Bahrain, Acerbaixán, Sudán, Saint Kitts e Nevis, San Vicente e As Granadinas, Emiratos Árabes Unidos, Hong Kong, Líbano, Vietnam, México, Taiwán, Moldavia, Malaisia, Tanzania, Canadá, Singapur, Australia, Tailandia, Illas Feroe, Mónaco, San Marino, Estado da Cidade do Vaticano, Andorra.

Grupo de países 2: India, Kazakhstán, Brasil, República Democrática do Congo, Chile, Nixeria, Uganda, Liberia, Djibuti, República Popular Democrática de Corea, Usbequistán, Turcomenistán, República Dominicana, Xamaica, Libia, Siria, Cuba, Iemen, Quenia, Ruanda, Seychelles, Antiga e Barbuda, Brunei, Montenegro, Malaui, Barbados, Santa Lucía, Granada, Dominica, Uruguai, Albania, China, Filipinas, Perú, Venezuela, Panamá, Ghana, Chad, Güiana, Exipto, Marrocos, Kiribati, Omán, Bosnia e Hercegovina, Irán, Mozambique, Senegal, Mauricio, Qatar, Xordania, Indonesia, Laos, Sudáfrica, Etiopía, Bangladesh, Ecuador, Paraguai, Costa Rica, Costa de Marfil, Serra Leoa, Gabón, Haití, Bahamas, Papúa Nova Guinea, Micronesia, Ucraína, Kirguizistán, Palestina.

Grupo de países 3: Nepal, Maldivas, Taxiquistán, Nicaragua, Zambia, Guinea, Congo, Botsuana, Belize, Samoa, Illas Marshall, Palau, Tuvalu, Nauru, Illas Cook, Niue, Nova Ze-

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

landia, Paquistán, Bután, El Salvador, Surinam, Guatemala, Honduras, Somalia, Trinidad e Tobago, Alxeria, Colombia, Gambia, Fiji, Illas Salomón, Vanuatu, Camboxa, Cimbabue, Burundi, Mongolia, Camerún, Timor Leste, Sri Lanka, Madagascar, Malí, Togo, São Tomé e Príncipe, Tonga, Bolivia, Benín, Lesoto, Macau, Tunisia, Iraq, Burkina Faso, Guinea Ecuatorial, República Centroafricana, Guinea-Bissau, Namibia, Comores, Eritrea, Myanmar/Birmania, Afganistán, Níxer, Mauritania, Cabo Verde, Kosovo, Eswatini, Sudán do Sur.

Axuda de apoio a inclusión:

Apoio á inclusión	Para prácticas en empresas
Requisitos: – Ter recoñecida e cualificada legalmente unha discapacidade de grado igual ou superior ao 33 % ou padecer problemas físicos, mentais ou de saúde, debidamente acreditados mediante a correspondente certificación médica, así como cumprir co resto de criterios de admisibilidade do programa. – Gastos subvencionables (teñen que estar directamente relacionados coa discapacidade ou co problema físico, de saúde ou mental do participante): • Transporte especial/adaptado do/da participante nos seus desprazamentos tanto no país de orixe como de acollida. • Acompañantes. • Servizos profesionais (interpretes en lingua de signos o servizos médicos terapéuticos puntuais relacionados directamente coa discapacidade legalmente recoñecida, problema físico, de saúde ou mental. • Visitas preparatorias. • Outros gastos específicos derivados da discapacidade acreditada do/da participante.	100 % dos custos reais subvencionables

Para a solicitude destes gastos, é necesario presentar unha táboa de orzamento en que se indique o concepto, a descrición, os documentos xustificativos (*pro formas*, tarifas vixentes...) e o importe parcial por concepto, así como o total.

Artigo 8. *Forma e prazo de presentación de solicitudes*

O alumnado que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria deberá presentar presencialmente no seu centro educativo a solicitude normalizada (anexo II) dispoñible nos centros e na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal, xunto coa documentación indicada no artigo 9, debido á imposibilidade funcional e tecnolóxica para a presentación electrónica das solicitudes nos centros educativos.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde.

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

A solicitude e a documentación correspondente ao alumnado interesado será remitida polos centros socios do consorcio á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ao correo electrónico programas.europeosfp@edu.xunta.gal. No campo «Asunto» deberá indicarse a seguinte referencia: KA121-VET-Nome do centro educativo.

As solicitudes deberán estar asinadas dixitalmente pola persoa solicitante ou, na súa falta, cotexadas dixitalmente pola dirección do centro educativo.

O prazo para a remisión da documentación ante a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional será de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 9. *Documentación complementaria*

As persoas solicitantes deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación, segundo corresponda en función das circunstancias alegadas e dos requisitos e méritos que pretendan acreditar:

– Anexo III. Autobaremación.

– Anexo IV. Compromiso de viaxe ecolóxica, de ser o caso.

– Anexo V. Datos de mobilidades.

– Anexo VI. Táboa de gastos de apoio á inclusión.

– Certificado de coñecemento de idiomas.

– Informe preceptivo emitido polo departamento de orientación do centro educativo que acredita dificultades educativas e formativas.

– Informe dos servizos sociais que acredite a situación de exclusión social, risco de exclusión social ou situacións de especial necesidade e/ou emerxencia social.

– Certificado de vítimas de terrorismo.

– Acreditación de situacións de violencia de xénero.

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

– Certificado de orfandade.

– Documentación acreditativa dunha situación de vulnerabilidade socioeconómica derivada da imposibilidade de acceder a prestacións económicas de carácter social por non cumprir os requisitos de residencia ou empadroamento exixidos, ou por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido.

– Certificación de situación de saúde física que xere a necesidade de apoio adicional: informe médico.

– Certificación de situación de saúde mental que xere a necesidade de apoio adicional: informe de saúde mental.

– Resolución de ter a condición de persoa refuxiada ou con dereito a protección subsidiaria, ou xustificante de ter presentado solicitude de protección internacional en España.

– Informe dos servizos sociais que acredite a pertenza a outra etnia.

– Informe do departamento de orientación do centro educativo.

– Certificado da Administración competente e informe do departamento de orientación do centro educativo que xustifique situación de discriminación.

A documentación complementaria presentarase presencialmente nos centros educativos. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que se poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Artigo 10. *Comprobación de datos*

Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta ou, cando sexa necesaria a súa autorización expresa, non a outorgue.

– DNI/NIE da persoa solicitante.

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

– DNI/NIE da persoa representante, de ser o caso.

– Expediente académico.

– Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social do solicitante.

– Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Consellería de Facenda e Administración Pública do solicitante.

– Certificado de ser ou ter sido beneficiario dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración xeral do Estado no curso inmediatamente anterior a aquel en que se realiza a mobilidade.

– Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) do solicitante.

Consultaranse ademais os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

– Certificado de familia numerosa.

– Certificado de familia monoparental.

– Certificado de situación de dependencia.

– Contrato de traballo a tempo completo.

– Certificado acreditativo do recoñecemento da discapacidade.

– Certificación de ser persoa tutelada pola Administración.

– Certificado de percepción de prestación de ingreso mínimo vital, renda mínima de inserción ou calquera outra prestación de igual ou similar natureza.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar das persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 11. *Órganos competentes e instrución do procedemento*

A Subdirección Xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión das mobilidades e das axudas asociadas, e correspóndelle ao conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ditar a correspondente resolución.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes e examinadas estas e a documentación complementaria, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional exporá as listaxes provisionais de solicitudes admitidas, solicitudes que hai que emendar e solicitudes excluídas, en que se sinalarán os motivos de exclusión, a través da publicación no portal educativo (https://www.edu.xunta.gal).

As persoas con solicitudes que hai que emendar disporán dun prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao desta publicación no portal educativo, para emendar a falta ou achegar os documentos preceptivos que deberán presentar presencialmente no seu centro educativo. A dirección do centro educativo remitirá esta documentación ao correo electrónico programas.europeosfp@edu.xunta.gal. Transcorrido este prazo sen que se emenden os erros ou se achegue a documentación preceptiva, considerarase que a persoa interesada desiste da súa petición, nos termos e nas condicións que se establecen no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional publicará as listaxes definitivas de solicitudes admitidas e solicitudes excluídas, en que se sinalarán os motivos de exclusión, a través da publicación no portal educativo (https://www.edu.xunta.gal).

Artigo 12. *Comisión de Valoración*

Constituirase unha comisión que realizará a selección e a avaliación das solicitudes. Esta comisión terá a seguinte composición:

– A persoa titular da Subdirección Xeral de Innovación Profesional e Coordinación co Sistema Produtivo ou a persoa en quen delegue, que actuará como presidente.

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

– A persoa titular da Subdirección Xeral de Cualificacións, Planificación e Xestión da Formación Profesional ou persoa en quen delegue.

– A persoa titular do servizo de Orientación e Innovación Profesional ou persoa en quen delegue.

– Dúas persoas asesoras de formación profesional pertencente aos servizos centrais da Dirección Xeral de Formación Profesional.

– Unha persoa funcionaria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que actuará como secretario/a.

Artigo 13. *Criterios de valoración*

Os criterios de selección serán os seguintes:

1. Expediente académico (máximo 4 puntos). Terase en conta a nota media do ciclo formativo completo no caso das persoas tituladas recentes e a nota media do primeiro curso do ciclo no resto de casos.

– Nota media inferior a 6: 1 punto.

– Nota media comprendida entre 6 e 7: 2 puntos.

– Nota media maior que 7 e inferior a 9: 3 puntos.

– Nota media igual ou superior a 9: 4 puntos.

2. Coñecemento do idioma do país de destino ou do idioma de traballo (máximo 4 puntos):

– Certificación de nivel B1: 1 punto.

– Certificación de nivel B2: 2 puntos.

– Certificación de nivel C1: 3 puntos.

– Certificación de nivel C2: 4 puntos.

Valoraranse aqueles certificados de coñecemento de idiomas admitidos por ACLES (Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior) que avaliasen todas as destre-

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

zas lingüísticas (comprensión lectora, compresión auditiva, expresión escrita e expresión oral), conforme a táboa de certificados que estea vixente no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

3. Persoas participantes con menos oportunidades, que se atopen nalgunha das seguintes situacións (2 puntos):

a) Discapacidade: para acreditar esta situación a persoa solicitante deberá dispoñer dun certificado de discapacidade emitido pola autoridade correspondente ou ter una solicitude aberta para o recoñecemento da discapacidade, con informes médicos, psicolóxicos e psiquiátricos ou de entidades sociais.

b) Dificultades educativas e formativas: acreditarase mediante informe preceptivo do Departamento de Orientación do centro educativo.

c) Obstáculos socioeconómicos: esta situación acreditarase mediante algún dos seguintes documentos:

– Certificado de ser ou ter sido beneficiario dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración xeral do Estado no curso inmediatamente anterior a aquel en que se realice a mobilidade.

– Certificado de percepción de prestación de ingreso mínimo vital, renda mínima de inserción ou calquera outra prestación de igual ou similar natureza da unidade familiar ou do proxenitor que teña a custodia (no caso de menores).

– Informe dos servizos sociais que acredite a situación de exclusión social, risco de exclusión social ou situacións de especial necesidade e/ou emerxencia social.

– Certificado de familia numerosa.

– Certificado de familia monoparental.

– Certificado de vítimas de terrorismo.

– Acreditación de situacións de violencia de xénero.

– Certificado de orfandade.

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

– Certificado de situación de dependencia, participantes con dependentes a cargo.

– Certificación de ser persoa tutelada pola Administración.

– Acreditación de situación daquelas persoas que non poden acceder ás prestacións ás cales se fai referencia neste punto, por algunha das seguintes causas: falta do período exixido de residencia ou empadroamento ou ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido.

– Estudantes con contratos de traballo a tempo completo.

d) Problemas de saúde: para acreditar esta situación a persoa solicitante deberá dispoñer dalgún dos seguintes documentos:

– Certificación de situación de saúde física que xere a necesidade de apoio adicional: informe médico expedido polo centro de saúde/especialista ou a autoridade sanitaria competente.

– Certificación de situación de saúde mental que xere a necesidade de apoio adicional: informe de saúde mental expedido polo centro de saúde/especialista ou a autoridade sanitaria competente.

e) Diferenzas culturais: acreditarase mediante algún dos seguintes documentos:

– Resolución de ter a condición de persoa refuxiada ou con dereito a protección subsidiaria, ou xustificante de ter presentado solicitude de protección internacional en España.

– Informe dos servizos sociais que acredite a pertenza a outra etnia.

– Informe do departamento de orientación do centro educativo.

f) Discriminación: esta situación acreditarase mediante certificado da Administración competente e informe do departamento de orientación do centro educativo que xustifique este obstáculo, por exemplo, por acoso escolar.

Artigo 14. *Resolución*

Unha vez estudadas e, de ser o caso, atendidas as reclamacións e renuncias, a Comisión de Valoración avaliará todas as solicitudes segundo os criterios recollidos no artigo 13 e

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

emitirá unha proposta de adxudicación das axudas, que se publicará no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (https://www.edu.xunta.gal), dentro dos tres días seguintes á finalización do prazo de emendas.

A adxudicación das mobilidades realizarase mediante unha lista única centralizada, elaborada a partir da puntuación resultante de aplicar os criterios de selección. As axudas concederanse ás persoas participantes con maior puntuación, ata o esgotamento do crédito dispoñible.

No caso de empate, aplicarase a seguinte orde de prioridade:

1º. As persoas solicitantes con menos oportunidades.

2º. A maior puntuación no expediente académico.

3º. De persistir o empate, atenderase á orde alfabética do primeiro apelido.

As mobilidades que non poidan ser adxudicadas por insuficiencia de crédito pasarán a integrar unha lista de agarda, da cal se irán realizando novas adxudicacións seguindo a orde de prelación establecida, sempre que se produzan renuncias, modificacións de mobilidades ou exista dispoñibilidade orzamentaria.

A persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional elevará a proposta de adxudicación á persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que resolverá o que proceda, nos termos previstos no artigo 34 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A resolución de adxudicación das axudas publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo máximo para resolver o procedemento non poderá exceder os seis meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Logo de que transcorra o prazo máximo para resolver o procedemento, entenderase que se desestima a concesión da subvención e, polo tanto, o silencio administrativo terá carácter negativo.

Contra a resolución de adxudicación das axudas, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 15. *Modificación da resolución*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión segundo prevé o artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 16. *Modificación das características da mobilidade ou renuncia*

No caso de que as persoas beneficiarias, por causas obxectivas, necesiten modificar as características da mobilidade concedida, só o poderán facer dentro do mesmo grupo de país e da mesma banda de distancia, e deberán presentar o correspondente escrito de modificación, que será remitido polo centro educativo á DXFP. As modificacións solicitadas non poderán supoñer un incremento da contía da axuda concedida.

No caso de que, por causas debidamente xustificadas, a persoa beneficiaria non poida realizar a mobilidade para a cal lle foi concedida a axuda, deberá presentar o correspondente escrito de renuncia (anexo VII), que será remitido polo centro educativo á DXFP.

Unha vez recibida a renuncia, a Dirección Xeral deixará sen efecto a reserva do crédito correspondente á mobilidade, que poderá destinarse á concesión de axudas ás persoas solicitantes incluídas na lista de agarda, seguindo a orde de prelación establecida.

No caso de presentar unha renuncia sen causa debidamente xustificada, a persoa solicitante será penalizada coa imposibilidade de participar noutros proxectos Erasmus+ do consorcio durante os dous anos seguintes.

Se a persoa beneficiaria percibise un anticipo da axuda, deberá reintegralo de conformidade co disposto no artigo 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

Artigo 17. *Formalización da axuda*

O centro educativo e a persoa beneficiaria asinarán o convenio de subvención Erasmus+ deste proxecto (anexo VIII). Para esta finalidade, a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional delegará a sinatura destes convenios nas persoas titulares da dirección dos centros educativos.

A persoa beneficiaria, o centro educativo e a organización de acollida asinarán un acordo de aprendizaxe (anexo IX) con anterioridade ao inicio da mobilidade.

Este acordo deberá ser consensuado entre a organización de envío e a de acollida, e deberá recoller as condicións en que se levará a cabo a actividade de mobilidade e os resultados de aprendizaxe previstos.

Artigo 18. *Pagamento das axudas*

As axudas faranse efectivas directamente ao alumnado beneficiario, en dous pagamentos, a través da conta bancaria indicada para tal efecto na declaración responsable de titularidade da conta bancaria sinalada no anexo II.

O primeiro pagamento, dun 80 % da axuda concedida, realizarase antes do inicio da mobilidade. Para que este se poida tramitar, o centro educativo deberá enviar á Dirección Xeral de Formación Profesional cunha antelación mínima de dez días hábiles con respecto ao inicio da mobilidade:

– O convenio de subvención Erasmus+ (anexo VIII) asinado dixitalmente por todas as partes ou copia compulsada dixitalmente pola persoa que desempeñe a dirección do centro ou por outra competente para a compulsa dixital.

– O acordo de aprendizaxe (anexo IX) asinado dixitalmente por todas a partes ou copia compulsada dixitalmente pola persoa que desempeñe a dirección do centro ou por outra competente para a compulsa dixital.

De conformidade co previsto nas alíneas e) e f) do artigo 65 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan eximidas da obriga de constituír garantía para a obtención dos pagamentos anticipados previstos nesta orde, por tratarse de axudas destinadas a fomentar a mobilidade educativa do alumnado e concorreren razóns de interese social e educativo que así o xustifican.

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

Para o segundo pagamento, do 20 % restante, será necesario que:

– O centro educativo envíe á Dirección Xeral de Formación Profesional copia compulsada dixitalmente pola persoa que desempeñe a dirección do centro ou por outra competente para a compulsa dixital, do complemento ao acordo de aprendizaxe (anexo X) asinado pola persoa beneficiaria, o centro educativo e a organización de acollida. Este complemento emitirase unha vez realizada a actividade de mobilidade e permitirá confirmar que a dita actividade se desenvolveu segundo o acordado.

– Documentación xustificativa dos gastos reais derivados das situacións de apoio á inclusión:

• Facturas oficiais ou documentos contables con valor probatorio equivalente ás facturas (xustificantes de pagamento, transferencias bancarias, recibos ou outra documentación acreditativa).

• Documentación acreditativa da realización do acompañamento ou das visitas preparatorias, de ser o caso.

Toda a documentación deberá estar asinada dixitalmente pola Administración competente ou, de ser o caso, compulsada dixitalmente pola persoa que desempeñe a dirección do centro educativo ou por outra persoa competente para realizar a compulsa dixital.

• A persoa beneficiaria cubra e envíe en liña o cuestionario UE (EU Survey) nos trinta días posteriores á recepción do correo electrónico de invitación para cubrilo, de acordo co establecido no programa Erasmus+.

• Declaración responsable de viaxe ecolóxica (anexo XI). Ten que estar asinado electronicamente ou compulsado dixitalmente pola persoa que desempeñe a dirección do centro ou por outra competente para a compulsa dixital.

No caso de que o cómputo de días da mobilidade declarado no complemento ao acordo de aprendizaxe sexa inferior ao da axuda concedida, o pagamento do 20 % restante minorarase proporcionalmente. Se isto non é suficiente, solicitarase a devolución da parte proporcional do primeiro pagamento.

Para estes efectos, unicamente serán computables os días da mobilidade comprendidos entre a data de adxudicación e a data de finalización do proxecto.

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

O prazo máximo para a presentación da documentación xustificativa será o seguinte:

– Anualidade 2026: o prazo rematará o 19 de decembro de 2026.

– Anualidade 2027: o prazo límite será de dez días posteriores ao remate da mobilidade subvencionada.

Artigo 19. *Compatibilidade das axudas*

Estas axudas son compatibles con outras axudas e subvencións concedidas para a mesma finalidade, calquera que sexa a súa natureza ou entidade que as conceda.

O importe total recibido en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo obxecto e finalidade, procedentes doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da actividade subvencionada, de conformidade co establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20. *Perda das axudas*

A falsidade dos datos ou falsificación dos documentos que se presenten, calquera que sexa o momento en que se demostre a inexactitude, terá como consecuencia a perda de todos os dereitos dos/das solicitantes que incorran en tal situación e a devolución total da contía percibida, ademais das responsabilidades que procedan, seguindo o procedemento establecido no artigo 77 e seguintes do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O incumprimento total ou parcial por parte da persoa beneficiaria de calquera das condicións e obrigas establecidas nesta orde e demais normas aplicables poderá constituír causa determinante de revogación da axuda e do reintegro total ou parcial das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora que lle poidan corresponder en cada caso, en aplicación do disposto no artigo 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá a devolución íntegra das cantidades percibidas cando se obteña a axuda sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión ou se falseen ou oculten feitos ou datos que motivaron a súa concesión.

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

Artigo 21. *Obrigas das persoas beneficiarias*

As persoas beneficiarias están obrigadas ao reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, logo do procedemento establecido no artigo 77 e seguintes do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As persoas beneficiarias están obrigadas a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control que lles correspondan.

Para os efectos do artigo 31.7 da Lei 9/2007, estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, utilizarase a declaración responsable incluída no documento de solicitude (anexo II).

A persoa beneficiaria está obrigada a comunicar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos destinadas a subvencionar a actividade.

Artigo 22. *Transparencia e bo goberno*

Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 23. *Datos de carácter persoal*

De acordo co establecido no artigo 14.1.ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas beneficiarias quedan informadas, cos datos consignados no modelo normalizado de so-

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

licitude, dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Artigo 24. *Notificacións*

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.

A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.

No caso de optar pola notificación en papel practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común

De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e entenderase rexeitada cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 25. *Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

(BDNS) a información requirida por esta e o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base.

As subvencións outorgadas ao abeiro desta orde figurarán no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios. En todo caso, a presentación da solicitude implica que a persoa solicitante consente na inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no dito rexistro, feito que terá lugar agás nos casos legalmente establecidos, de acordo co regulado no artigo 16.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 14 da Lei de subvencións de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na alínea d) do número 2 do artigo 15 da devandita lei.

Artigo 26. *Trámites posteriores ao inicio do procedemento*

Os trámites posteriores ao inicio do procedemento deberán realizarse presencialmente no centro educativo. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos para facilitar a realización dos ditos trámites que poderán ser empregados por elas.

Disposición adicional primeira. *Réxime sancionador*

As persoas beneficiarias destas axudas quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional segunda. *Impugnación*

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

data, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2026

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional
P.D. (Orde do 5.6.2024)
Manuel Vila López
Secretario xeral técnico da Consellería de Educación,
Ciencia, Universidades e Formación Profesional

ANEXO I

Centros educativos do consorcio do proxecto Erasmus+ 2025-1-ES01-KA121-VET- 000332915

OID	Centro
E10003734	IES Ordes
E10007900	IES Pontepedriña
E10011649	IES Fernando Wirtz Suárez
E10025603	IES Leixa
E10031815	IES Indalecio Pérez Tizón
E10036976	IES Val do Asma
E10043178	IES Arcebispo Xelmírez I
E10048510	IES Eduardo Pondal
E10048624	IES Río Cabe
E10050648	IES Terra de Xallas
E10056804	CIFP A Farixa
E10058400	IES García Barbón

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

OID	Centro
E10062946	CIFP Fraga do Eume
E10064590	IES Antón Losada Diéguez
E10065498	IES Perdouro
E10065805	IES Fene
E10066406	CIFP A Xunqueira
E10066592	IES Politécnico de Vigo
E10069935	IES María Sarmiento
E10070004	IES Macías O Namorado
E10072786	CIFP Someso
E10074373	CIFP Carlos Oroza
E10074803	CIFP Ánxel Casal-Monte Alto
E10076090	IES de Arzúa
E10077940	CIFP Paseo das Pontes
E10078454	IES Manuel Chamoso Lamas
E10078955	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro
E10079963	CIFP Fontecarmoa
E10080882	IES Escolas Proval
E10083940	IES Ramón Menéndez Pidal
E10087969	CIFP A Granxa
E10088098	CIFP Valentín Paz Andrade
E10089365	CIFP Coroso
E10089405	IES Muralla Romana
E10089626	IES Francisco Daviña Rey
E10096619	CIFP As Mercedes
E10096705	IES Urbano Lugrís
E10097909	IES A Sardiñeira
E10098414	CIFP Porta da Auga
E10098567	CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel
E10098737	IES Leliadoura
E10098780	CIFP Universidade Laboral
E10099089	IES Lamas de Abade
E10099322	IES 12 de Outubro
E10099977	IES A Pinguela
E10100201	CIFP Portovello

CVE-DOG: 5gimldd9-0l09-qdu6-xcb4-mtykrjojmwk2

OID	Centro
E10100832	CIFP Politécnico de Santiago
E10100983	IES Porto do Son
E10103228	CIFP Ferrolterra
E10103530	IES Gregorio Fernández
E10103867	IES Ramón Mª Aller Ulloa
E10104269	IES Ribeira do Louro
E10106662	CIFP Politécnico de Lugo
E10106808	IES Punta Candieira
E10110295	IES Terra de Trasancos
E10120103	IES de Poio
E10125547	IES O Ribeiro
E10126431	IES Castro da Uz
E10136871	IES Plurilingüe San Rosendo
E10151127	IES de Sabón
E10151276	IES Cidade de Antioquía
E10154382	IES Monte Neme
E10154762	IES de Curtis
E10162543	IES Monte da Vila
E10169325	IES Pintor Colmeiro
